



SUBVENCIÓN	Programa Rehaluga, dirixido ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incorporadas ao Programa de mobilización de vivendas para o alugamento
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI426C
PUBLICACIÓN	DOG núm. 65 do 03/04/2024. RESOLUCIÓN do 19 de marzo de 2024 pola que se procede á convocatoria das subvencións do Programa Rehaluga, dirixido ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incorporadas ao Programa de mobilización de vivendas para o alugamento, con financiamento plurianual, para o ano 2024 (código de procedemento VI426C).
BASES REGULADORAS	DOG núm. 25 do 06/02/2023. Resolución do 30 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga, dirixido ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incorporadas ao Programa de mobilización de vivendas para o alugamento, e se procede a súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2023 (Código de procedemento VI426C)
OBXECTO	O programa ten por obxecto a concesión das subvencións do Programa Rehaluga, dirixido ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incorporadas ao Programa de mobilización de vivendas para o alugamento (en diante, PMVA)
PROCEDEMENTO	Concorrenza non competitiva; as solicitudes atenderanse por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito; entenderase como data de presentación aquela na que o expediente teña toda a documentación correcta que debe acompañar á solicitude.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Dende o 04/04/2024 ata o 04/11/2024.
ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES	Serán subvencionables as seguintes actuacións: a) Obras de conservación e mantemento. b) Obras de rehabilitación precisas para garantir a habitabilidade da vivenda, así como as obras necesarias para o correcto funcionamento das súas instalacións e/ou para a súa adaptación á normativa vixente. c) Axustes na distribución interior da vivenda que non impliquen unha alteración substancial da súa configuración. d) Adquisición e colocación de mobiliario de cociña, así como dos seguintes electrodomésticos: neveira, cociña, forno e



	<p>campá extractora.</p> <p>e) Cambio de sanitarios, bañeira e mamparas.</p>
REQUISITOS	<p>Para ter acceso á subvención é preciso que concorran os seguintes requisitos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Que a vivenda estea incorporada ao PMVA.2. Que a/s actuación/s subvencionable/s se realicen no período que se sinala na correspondente resolución de convocatoria.3. Que a vivenda na que se realice/n a/s actuación/s subvencionable/s non obtivera con anterioridade outra subvención do IGVS do Programa Rehaluga, ao abeiro do PMVA.
PRAZO DE EXECUCIÓN	<p>Poderán acollerse a esta convocatoria as actuacións que se realizasen dende o 4 de novembro de 2023, sen que o prazo de execución das actuacións poida, en ningún caso, exceder do 30 de abril de 2025.</p>
PERSOAS SOLICITANTES	<p>Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que sexan propietarias ou usufrutuarias das vivendas e, á súa vez, promotoras das actuacións subvencionables. Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:</p> <ol style="list-style-type: none">a) Atoparse ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no momento da concesión da subvención.b) Non estar incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>As actuacións subvencionaranse polo gasto xustificado, sen que o importe máximo desta axuda poida superar as seguintes cantidades, con independencia do número de actuacións que se realicen:</p> <ol style="list-style-type: none">a) 3.000 euros, no suposto de que a vivenda estea alugada ou se vaia a alugar conforme ao prezo máximo de renda fixado no anexo I da Resolución do 21 de setembro de 2022, pola que se regula o PMVA, segundo o municipio no que se localice a vivenda.b) 5.000 euros, no suposto de que a renda da vivenda que estea alugada ou se vaia a alugar sexa inferior, polo menos, nun 10 % e ata un 15% ao prezo máximo de renda fixado no antedito anexo I da Resolución do 21 de setembro de 2022, segundo o municipio no que se localice a vivenda.



	<p>c) 8.000 euros, no suposto de que a renda da vivenda que estea alugada ou se vaia a alugar sexa inferior en máis dun 15% do prezo máximo de renda fixado no devandito anexo I da Resolución do 21 de setembro de 2022, segundo o municipio no que se localice a vivenda.</p>
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE	<p>As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:</p> <p>a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados.</p> <p>b) Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible.</p> <p>c) No suposto de que se solicite un importe maior de subvención como consecuencia da minoración da renda, compromiso de incluír o importe da dita renda minorada no contrato de alugamento da vivenda ou, no suposto de que a vivenda xa estivera alugada, contrato no que figure a renda minorada.</p> <p>c) Memoria descritiva das actuacións subvencionables realizadas ou que se pretendan realizar, con indicación, neste último caso, do orzamento e do prazo previsto de realización das actuacións, que non poderá exceder de catro meses dende a notificación da resolución de concesión.</p>
FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	<p>Presentación electrónica e presencial.</p>
INFORMACIÓN	<p>Área Provincial do IGVS da Coruña: 881 881 096 Área Provincial do IGVS de Lugo: 982 294 602 / 982 294 942 Área Provincial do IGVS de Ourense: 988 386 273 Área Provincial do IGVS de Pontevedra: 986 805 620 012</p>